



OFICINA DE MEDIO AMBIENTE
Edificio CACTI
UNIVERSIDADE DE VIGO
Lagoas – Marcosende s/n, 36200 Vigo
Tfno.: 986 81 3883, Fax: 986 81 2135
Correo electrónico: oma@uvigo.es
<http://www.uvigo.es/servicios/oma/oma.htm>

ASUNTO: MEMORIA DO CURSO 1999-2000 DA OFICINA DE MEDIO AMBIENTE

No ano 99 a Oficina de Medio Ambiente estaba en proceso de consolidación, ultimándose os detalles para a incorporación dun novo director e dous bolseiros da fundación MAPFRE. Esta incorporación produciuse o 1/1/00.

Ata agosto do ano 2000 as actividades de **maior relevancia** desta entidade foron as seguintes, agrupadas tematicamente:

ORGANIZACIÓN INTERNA

- Redacción do Regulamento de funcionamento da Oficina de Medio Ambiente, posteriormente aprobado en reunión de Xunta de Goberno do 13/4/00.
- Constitución do *Consello da Oficina de Medio Ambiente* da Universidade de Vigo do que forman parte representantes de todos os campus da Universidade e dos servizos directamente implicados en temas ambientais.
- Incorporación de cinco novos bolseiros para a OMA. Estas bolsas foron outorgadas pola Xunta de Galicia por un período de 6 meses, para desenvolver proxectos concretos (xestión de residuos urbanos, vixilancia ambiental, etc.).
- Remodelación completa da páxina web da OMA. Apertura ó público o 6/10/00.

XESTIÓN DE RESIDUOS E RECURSOS

- Análise da situación do almacenamento dos residuos perigosos da Universidade, con especial atención ós casos que requirían unha solución urxente.
- Tramitación das xestións necesarias para declarar a Universidade de Vigo como pequeno produtor de residuos perigosos, segundo a lexislación vixente.
- Recollida dos residuos perigosos almacenados dende verán do 1999, baixo a supervisión da OMA. A cantidade recollida ascende a 5 toneladas de dichos residuos.
- Redacción do prego de contratación do Servizo de Xestión de residuos perigosos da Universidade de Vigo.
- Controlar e supervisar o traballo dos xestores que recollen e tratan os residuos urbanos na Universidade (papel, plástico, latas, tóners e cartuchos de impresora).

- Elaboración dun informe da situación actual do almacén de residuos perigosos onde se centraliza a recollida de toda a Universidade. Tramitación dunha axuda á *Consellería de Medio Ambiente* para a remodelación do almacén de residuos perigosos e os seus accesos, mellorando as súas condicións actuais.
- Posta en marcha do proxecto para a minimización do consumo de papel, no que se inclúe unha enquisa previa para coñecer a situación actual de consumo.
- Redacción das consideracións ambientais a incluír nos pregos de contratación de servizos de limpeza e reprografía.
- En resumen, **atende-la xestión e as demandas en canto á xestión de residuos perigosos da Universidade, mellorando e implementando esta xestión, supervisando e levando ó día o sistema de rexistro e documentación que corresponde a este tipo de residuos, así como o reparto de recipientes para o seu almacenamento.**

MEDIO NATURAL

- Análise do impacto ambiental da construción do “Vial Sur” de circunvalación no Campus de Vigo e elaboración de medidas correctoras.
- Execución de medidas correctoras para mitigar o impacto da construción do vial sur:
 - Transplante de 900 árbores autóctonos da zona afectada polo vial a dúas parcelas no campus de Lagoas-Marcosende. Con esta medida foron creadas tres novas hectáreas de bosque caducifolio.
 - Transplante de prados con especies vexetais de interese para utilizar en próximos proxectos de restauración.
 - Protección de leitos fluviais para salvagardar a súa integridade ecolóxica modificando o proxecto inicial de obra (construción de ponte sobre piares nun caso e tubo de gran diámetro noutro).
 - Deseño dun paso para anfibios entre a Facultade de Químicas e o Colexio “Los Sauces” en dirección á lagoa norte do antigo CUVI.
- Convocatoria “ADOPTA UNHA ÁRBORE”, xurdida da medida correctora de transplante de árbores afectados pola construción do vial sur de circunvalación no campus Lagoas-Marcosende de Vigo. A devandita campaña consiste na selección de árbores transplantadas, por parte de voluntarios para colaborar no seu coidado, ó tempo que se controla a evolución do transplante. Paralelamente realizouse unha campaña divulgativa mediante carteis e charla informativa sobre o traballo de transplante.
- Organización da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente coa asistencia de 200 persoas, nunha das parcelas recentemente repoboadas con árbores afectados polo vial sur. Un dos obxectivos desta celebración era promover a campaña “Adopta unha árbore”.

- Creación dunha lagoa nas inmediacións da Facultade de Ciencias, co fin de rexenerar a zona, afectada por vertidos e escombros, de forma que tamén actúe como amortecedor de esorrentías e autodepurador natural das augas. A zona constituirá un hábitat húmido conservando as especies animais e vexetais que xa existían.
- Supervisión, control en obra y execución de medidas correctoras para a construción de novas infraestructuras (residencia, estacionamentos, cidade universitaria, etc.) no campus Lagoas-Marcosende de Vigo, en colaboración coa Unidade Técnica da Universidade e os constructores.
- Inicio da tramitación dunha solicitude de fondos LIFE de la Unión Europea para integrar o campus Lagoas-Marcosende no seu entorno natural.
- En resumen, **integrar o campus de Lagoas-Marcosende nun entorno de calidade ambiental alta, favorecendo a conservación da biodiversidade.**

INVESTIGACIÓN

- Informe de valoración sobre as solicitudes de proxectos de investigación para as convocatorias da OMA do ano 1999 e do ano 2000.